

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP Plurilingüe de Outes

CURSO: 3º Ed. Primaria

MATERIAS: C. Naturais, C. Sociais, Lingua  
Castelá e literatura, Lingua Galega e literatura e  
Matemáticas

DATA: 06-05-2020

---

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
CIENCIAS DA NATUREZA		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Establecer conxecturas de sucesos que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información	Manifesta certa autonomía na observación de sucesos, obtén conclusións e comunica información sobre o feito	CCL, CMCT, CD, CAA, CSIEE
Coñecer a morfoloxía externa do corpo e os seus órganos máis importantes	Explica a morfoloxía externa do propio corpo e o seu funcionamento nun sentido global	CMCT
Identificar e clasificar animais e plantas recoñecendo as súas características e busca información en diferentes fontes	Observa, identifica e recoñece as características básicas de animais e plantas da súa contorna con criterio científico	CCL, CMCT, CD
Identificar os usos dos recursos naturais e o uso inadecuado dos mesmos facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto ambiental	Emprega actitudes responsables de aforro enerxético, coidado medioambiental e recollida de residuos na escola	CMCT, CSC, CSIEE
Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas	Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotiá analizando o seu funcionamento	CMCT
CIENCIAS SOCIAIS		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Realizar un traballo de investigación que supoña búsqueda, selección e organización de información empregando as TIC e estratexias de traballo cooperativo, adoitando comportamento de respecto e tolerancia	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona, organiza e comunica oralmente e/ou por escrito	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC

Identificar formas de representación da superficie terrestre e recoñecer algúns elementos da paisaxe	Distingue entre planos e mapas, e algúns signos convencionais básicos. Identifica algúns elementos da paisaxe e localizaos no mapa.	CMCT, CAA
Coñecer algúns tipos de organización social e os seus compoñentes	Explica, describe e simula algún tipo de organización social da súa contorna	CAA, CSC, CSIEE
Valorar a diversidade cultural, social e lingüística de Galicia respectando as diferencias	Recoñece a diversidade cultural, social e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	CSC, CCEC
<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
Exprésase con coherencia de forma oral para satisfacer as necesidades de comunicación diferentes na aula.	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade e aplica as normas sociocomunicativas	CCL, CAA, CSC
Recoñecer o tema e ideas principais de textos orais breves de diferente tipoloxía segundo a forma da súa mensaxe e a súa intención comunicativa.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos...	CCL, CAA
Producir e reproducir textos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe e á súa intención comunicativa.	Elabora e reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.	CCL, CAA, CCEC
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo	Identifica as ideas principais e distingue textos entre as distintas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe e á súa intención comunicativa	CCL, CAA, CCEC

persoal.		
Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos e respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas.	CCL, CAA, CCEC
Facer lecturas expresivas e interpretativas de textos literarios e valoralos como fonte de lecer e información.	Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual e valoraos como fonte de lecer e información.	CCL, CAA, CCEC
<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.	CCL, CAA, CSC
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis).	Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	CCL, CAA
Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás	Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de	CCL, CAA, CCEC

	convivencia, avisos, instrucións...	
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua.	Aprecia o valor social das normas ortográficas e gramaticais e a necesidade de cingirse a elas	CCL, CAA, CCEC
Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular.	Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral e valoraos como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL, CAA, CCEC
<b>MATEMÁTICAS</b>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas e reflexiona sobre o proceso de resolución	CCL, CMCT, CAA
Identificar e resolver problemas da vida cotiá establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a súa utilidade para a resolución de problemas.	Identifica e resolve problemas da vida cotiá establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a súa utilidade para a resolución de problemas.	CMCT, CAA, CSIEE
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 10.000 e aproxima á decena, centena e millar	CMCT, CAA, CSIEE
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	CMCT

Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Realiza cálculos numéricos coa operación de suma, resta e multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT
Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións	Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida	CMCT, CAA

## COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
<b>Cualificación final</b>	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.



<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de <b>recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación</b> das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
<b>Publicidade</b>	Publicación deste documento na páxina web do centro.